

# CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1741/2022	A Xunta de Goberno Local	15/12/2022

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

**EXPEDIENTE 1741/2022. APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA "SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE PORTO DO SON. ANO 2022" E MODIFICACIÓN DO PUNTO DÉCIMO DA CONVOCATORIA RELATIVO Ó PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

## RESOLUCIÓN

### Antecedentes

Vista a Ordenanza reguladora da concesión de subvencións por parte do Concello a asociacións e entidades sen fin de lucro existentes no Concello e ás comisións de festas das distintas parroquias (BOP nº 153 do 04/07/2008).

Con data de 03/08/2022 a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a clubs e entidades deportivas do Concello de Porto do Son 2022 (BOP núm. 152, do 11/08/2022, e núm. de identificación 643257 da BDNS).

O Decreto de Alcaldía núm. 2022-1069 designa ao órgano instrutor e aos membros da comisión avaliadora, a cal reunida o 31.10.2022 e con base no informe do órgano instrutor da mesma data, designa a puntuación outorgada a cada solicitante e emite proposta de concesión de subvención

Posteriormente a requirimento da Intervención (informe núm. 2022-0398, do 7 de decembro) se completa o expediente cos informes do órgano instrutor de 9 e 13 de decembro os cales relacionan (con número de rexistro de entrada), a documentación achegada por cada solicitante que acredita os datos tidos en conta para a avaliación das solicitudes, así coma a puntuación outorgada que motiva a contía da subvención proposta que lle corresponde a cada solicitante. Esta proposta é a que se eleva neste momento para a súa aprobación.

Agora ben, o punto 7.5 da convocatoria establece un prazo para resolver de tres meses, o cal á data actual está superado por causas alleas aos solicitantes. Considerando que en materia de subvencións, o artigo 25.4 da Lei 38 /2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece: "*o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de concesión de subvencións non poderá exceder de seis meses,*



*salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea”, a Administración está obrigada a resolver o procedemento, de acordo co artigo 21.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

En relación co punto decimo da convocatoria, o cal establece : *“o importe da subvención anual deberá xustificarse antes do 15 de novembro do ano en curso”,* esta data está superada e por tanto é de imposible cumprimento para os solicitantes aos que se lle concede a subvención.

Considerando que segundo o artigo 13 da Ordenanza reguladora, a convocatoria pode fixar un prazo de xustificación distinto do anteriormente sinalado anteriormente, resulta necesario fixar un novo prazo de xustificación das subvencións outorgadas, polo que se propón modificar o punto décimo da convocatoria o cal queda redactado do seguinte tenor:

#### ***“DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS CANTIDADES SUBVENCIONADAS***

***1.- O importe da subvención anual deberá xustificarse no prazo de cinco días naturais dende a notificación do acordo da concesión e en todo caso, antes do 23 de decembro do ano en curso.***

***2.- A xustificación da subvención realizarase coa presentación da seguinte documentación:***

***A. Conta xustificativa da subvención (Anexo 4 das bases).***

***B. Documentos xustificativos dos gastos realizados:***

*- Facturas, orixinais ou compulsadas, que cumpran os requisitos esixidos pola normativa de facturación. O IVE será subvencionable cando teña a consideración de gasto por non ser susceptible de recuperación. Nos pagos feitos a profesionais por servizos prestados deberá constar na factura a retención feita en concepto de IRPF.*

*- Nóminas e documentos TC1 e TC2 da Seguridade Social xustificativos dos gastos de persoal.*

*- Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos que xere o fagan aconsellable, poderase admitir, de xeito excepcional, como xustificante calquera outro documento válido en dereito que acredite a realización da actividade obxecto da subvención e a aplicación dos fondos recibidos.*

*- Os documentos referidos deberán ser orixinais ou copias compulsadas.*

***C. Acreditación da publicidade do financiamento municipal (fotografía da equipa deportiva ou do cartel e, no seu caso, do vehículo do club e enlace ou captura de pantalla da web ou redes sociais).***

***3.- Non se admitirán xustificantes que non teñan relación directa con gastos derivados de actividades que se subvencionan nin cos criterios polos cales se avaliaron os seus importes***



*nin que as súa datas non se correspondan co previsto nestas bases. Os documentos xustificativos corresponderán aos gastos realizados entre 1 de setembro de 2021 e ata o día 1 de setembro do ano corrente.*

*4.- De non xustificarse a subvención antes do prazo sinalado no punto primeiro, entenderase que o beneficiario desiste da súa petición e iníciase o expediente de anulación do compromiso de gasto ou para o reintegro das cantidades percibidas e non xustificadas. Se unha vez requirido o reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo club, este non se produce dentro dos prazos establecidos, procederase pola vía executiva cos xuros de constrinximento que correspondan. Para todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei e demais disposicións de réxime local.”*

Considerando que a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a concesión das subvencións segundo o establecido na base SÉTIMA da convocatoria en relación coa resolución do procedemento.

Visto canto antecede, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar a concesión das subvencións a clubs e entidades deportivas propostas pola comisión avaliadora, aos seguintes beneficiarios e polos seguintes importes:

<b>CLUB / ASOCIACIÓN</b>	<b>CIF</b>	<b>PUNTOS OUTORGADO</b>	<b>IMPORTE SUBVENCIÓN</b>
A.D.C. Arnela	G70309455	54,6	1.376,68 €
Club Ciclista Sonense.	G70473160	43,9	1.106,89 €
Porto do Son C.F.	<u>G15395809</u>	98,5	1.800,00 €
Nebra C.F.	G15507874	26,7	673,21 €
U.D. Queiruga	G15531163	23,8	600,09 €
S.D. Xuño	G15255789	72,8	1.800,00 €
Sociedad de Cazadores de Porto do Son	G15277601	76,3	1.800,00 €
<b>TOTAL</b>		396,6	9.156,89 €
<b>VALOR DO PUNTO</b>		25,214 €	



**Segundo.-** Notificar aos interesados mediante publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica, aos efectos de que xustifiquen os importes outorgados segundo o modelo normalizado no Anexo 4, dentro do prazo establecido no punto terceiro.

**Terceiro.-** Modificar, e publicar o texto da modificación da convocatoria no BOP taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, o punto décimo da convocatoria o cal queda redactado do seguinte tenor:

*“DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS CANTIDADES SUBVENCIONADAS*

*1.- O importe da subvención anual deberá xustificarse no prazo de cinco días naturais dende a notificación do acordo da concesión e en todo caso, antes do 23 de decembro do ano en curso.*

*2.- A xustificación da subvención realizarase coa presentación da seguinte documentación:*

*A. Conta xustificativa da subvención (Anexo 4 das bases).*

*B. Documentos xustificativos dos gastos realizados:*

*- Facturas, orixinais ou compulsadas, que cumpran os requisitos esixidos pola normativa de facturación. O IVE será subvencionable cando teña a consideración de gasto por non ser susceptible de recuperación. Nos pagos feitos a profesionais por servizos prestados deberá constar na factura a retención feita en concepto de IRPF.*

*- Nóminas e documentos TC1 e TC2 da Seguridade Social xustificativos dos gastos de persoal.*

*- Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos que xere o fagan aconsellable, poderase admitir, de xeito excepcional, como xustificante calquera outro documento válido en dereito que acredite a realización da actividade obxecto da subvención e a aplicación dos fondos recibidos.*

*- Os documentos referidos deberán ser orixinais ou copias compulsadas.*

*C. Acreditación da publicidade do financiamento municipal (fotografía da equipa deportiva ou do cartel e, no seu caso, do vehículo do club e enlace ou captura de pantalla da web ou redes sociais).*

*3.- Non se admitirán xustificantes que non teñan relación directa con gastos derivados de actividades que se subvencionan nin cos criterios polos cales se avaliaron os seus importes nin que as súas datas non se correspondan co previsto nestas bases. Os documentos xustificativos corresponderán aos gastos realizados entre 1 de setembro de 2021 e ata o día 1 de setembro do ano corrente.*



*4.- De non xustificarse a subvención antes do prazo sinalado no punto primeiro, entenderase que o beneficiario desiste da súa petición e iníciase o expediente de anulación do compromiso de gasto ou para o reintegro das cantidades percibidas e non xustificadas. Se unha vez requirido o reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo club, este non se produce dentro dos prazos establecidos, procederase pola vía executiva cos xuros de constrinximento que correspondan. Para todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei e demais disposicións de réxime local.”*

**Cuarto.**-Comunicar o presente acordo aos departamentos de Deportes e Servizos Económicos.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

